



D.^a VIRGINIA FRAGA DIAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 16 de marzo de 2020, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: DECRETO DA ALCALDÍA CON MOTIVO DO CORONAVIRUS (COVID-19)

EXPEDIENTE: 2020/G003/000276

Diante da evolución do brote da enfermidade coñecida como COVID-19 (coronavirus) e as medidas de contención extraordinarias adoptadas polos gobernos estatal e autonómico reflectidas no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo (BOE núm. 67 do 14 de marzo) e, en relación cos lugares de traballo do sector público, pola Resolución do 15 de marzo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

No exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta alcaldía en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, previstas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia,

RESOLVO

Primeiro.- Procédese ao peche, dende o 16 de marzo de 2020 e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado, das escolas infantís de Calo, A Ramallosa e Os Tilos, das bibliotecas municipais de O Grilo e Os Tilos, de todas as Casas Comúns do concello e de todas as instalacións deportivas municipais.



Segundo.- Quedan suspendidas, dende o 16 de marzo de 2020 e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado, as actividades das escolas municipais culturais, das escolas municipais deportivas, as actividades terapéuticas de persoas con deterioro cognitivo e de envellecemento activo (actividade física, pintura, encaixe,..) e, en xeral, calquera actividade xestionada polo concello que favoreza a concentración de persoas.

Terceiro.- Decrétase, dende o 16 de marzo de 2020 e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado, o peche total da atención presencial nas oficinas municipais, agás aqueles servizos que se declaran esenciais para atender as necesidades prioritarias da cidadanía de Teo e que son os seguintes:

- a) Seguridade e Emerxencias (policía e protección civil)
- b) Atención á Cidadanía (telefónica e telemática)
- c) Oficinas centrais do Rexistro Xeral e Padrón de habitantes
- d) Servizos Sociais
- e) Secretaría Xeral
- f) Servizo municipal de abastecemento e saneamento
- g) Servizo municipal de limpeza de edificios
- h) Intervención (rexistro telemático de facturas)
- i) Tesourería (pagamento a provedores)
- j) Brigada municipal de servizos básicos e mantemento eléctrico
- k) Cemiterio
- l) Persoal directivo
- m) Servizo de Informática
- n) Servizo de Xestión de Persoal

A atención nestes servizos esenciais será unicamente telefónica e telemática. A atención presencial será motivada por razóns de urxencia e para isto precisará cita previa, a través do teléfono 981 815 700. Do mesmo xeito, recoméndase o uso dos correos electrónicos dos distintos departamentos para poder realizar xestións non presenciais: servizosxerais@teo.gal; alcaldia@teo.gal; urbanismo@teo.gal;

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



medioambiente@teo.gal; servizossociais@teo.gal; secretaria@teo.gal, e intervencion@teo.gal.

Cuarto.- As presentes medidas serán de aplicación a todo o persoal empregado público que preste os seus servizo no Concello de Teo.

Quinto.- A atención presencial, restrinxida a casos moi excepcionais e inaprazables, atenderase só con cita previa, e estableceranse as quendas imprescindibles entre o persoal para garantir a prestación. En todo caso, evitarase o contacto físico e adoptaranse as medidas de hixiene recomendadas. Non se permite a aglomeración de persoas en zonas de espera.

Sexto.- Corresponde ás persoas responsables das unidades e servizos administrativos, baixo a supervisión da concelleira ou concelleiro de quen dependan, realizar as adaptacións da xornada do persoal que presta servizos baixo a súa dependencia ao réxime de apertura dos edificios así como ás circunstancias específicas que se dean en cada un deles, de modo que se evite a concorrencia diaria do persoal nos diferentes centros de traballo coa finalidade de preservar a saúde de todos e todas.

Desde a entrada en vigor deste decreto, e mentres dure a súa vixencia, o horario habitual de traballo para o persoal incluído no ámbito de aplicación do mesmo será de 9 a 14 horas, de luns a venres, excepto o persoal de Seguridade e Emerxencia que se rexerá polo seu propio horario de quendas.

En cada unidade administrativa, baixo a dirección da persoa responsable, determinaranse quendas de traballo do seu persoal por semana, de tal xeito que só acuda ao traballo dun xeito presencial o persoal imprescindible para prestar os servizos básicos que demanda a cidadanía.

Sétimo.- Mediante esta Resolución e de conformidade co disposto no artigo 117 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, concédese un permiso retribuído inescusable de carácter persoal para todos aqueles empregados públicos que teñan ao seu cargo maiores, menores ou outros dependentes sen necesidade de autorización



específica para cada empregado público. Permiso que, no seu caso, deberá xustificarse posteriormente na forma que se lle indique.

Oitavo.- Do mesmo xeito, o persoal considerado sensible ou de risco que dispoña das necesarias recomendacións sanitarias, queda autorizado para ausentarse do seu posto de traballo, particularmente o persoal con patoloxías concorrentes ou enfermidades crónicas e as empregadas embarazadas, o que, no seu caso, deberá xustificarse posteriormente na forma que se lle indique.

Noveno.- Todos os empregados públicos municipais cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial. A tales efectos a administración facilitará formulas de teletraballo ou de traballo a distancia. Todos os empregados públicos que realicen funcións que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente, agás que desempeñen funcións de carácter esencial. Este persoal deberá acudir aos seus lugares de traballo cando o desempeño das súas funcións así o esixan ou así o determinen as xefaturas de cada servizo ou concellería responsable.

Décimo.- Queda suspendida a convocatoria e sesións de todos os órganos colexiados do Concello de Teo, tales como, Plenos, Comisións Informativas, Xuntas de Goberno, Mesas de Contratación, Tribunais cualificadores, Mesas de negociación, e resto de reunións de membros de Corporación e de empregados públicos.

Décimo primeiro.- Suspendese os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación de todos os procedementos administrativos do Concello de Teo. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia a declaración do estado de alarma ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

Decimo segundo.- Os prazos de prescrición e caducidade de calquera acción e dereito quedarán suspendidos durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Décimo terceiro.- Lémbrese á poboación de Teo que é obrigado o cumprimento do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID 19 publicado no BOE de 14 de marzo de 2020, que se incorpora na web do concello.

Décimo cuarto.- O presente Decreto surtirá efectos dende o día da súa sinatura e terá vixencia mentres estea en vigor o RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, e as prórrogas do mesmo.

Décimo quinto.- Déase publicidade deste decreto mediante todos os medios internos e externos dispoñibles, procurando a máxima difusión á cidadanía.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, a dezaseis de marzo de 2020.

Vº e Praxe
O alcalde

Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria xeral

Virginia Fraga Diaz